

Calendario de presentación dos TFG curso 2019/20

Convocatoria Fin de Carreira (novembro 2019)

4 de novembro (luns): data límite de entrega na Secretaría Virtual do “Informe de Conformidade” da titora ou titor.

8 de novembro (venres): data límite do trámite virtual da/o estudante para solicitar a defensa oral do TFG. Deberá imprimir as dúas copias que xera o sistema e que entregará no trámite seguinte.

11 de novembro (luns): data límite para a entrega, por parte do alumnado, do TFG no Negociado de Asuntos Xerais da FFT (decanato). A/O estudante debe entregar tres copias en papel no caso de tribunal colexiado, ou unha copia no caso de tribunal unipersoal. Ao mesmo tempo, a/o estudante debe entregar as dúas copias de solicitude de defensa oral xeradas da solicitude virtual, ás que se lle dará rexistro de entrada. A/O estudante tamén debe achegar unha copia electrónica da versión final do TFG en versión PDF á dirección sdfft@uvigo.es; débese indicar no asunto da mensaxe a sigla TFG máis a sigla do grao correspondente (GLE/GTI/GCLEL) máis os apelidos do/a estudante– por exemplo: *TFG GTI Pérez Pérez*.

11 de novembro (luns): No caso de tribunal colexiado, data límite para a entrega no Negociado de Asuntos Xerais do informe da/o titor/ de cada TFG que conte co visto e prace para a súa entrega. No informe, seguindo o modelo da FFT, constará a nota proposta pola/o titor/a, que representa o 30% do total da cualificación.

12 de novembro (martes): No caso de tribunal colexiado, entrega da documentación (copias dos TFG e informes das/os titoras/es) por parte do Negociado de Asuntos Xerais aos/ás secretarios/as dos tribunais. No caso de tribunal unipersoal, entrega da copia do TFG ao titor/a.

13 de novembro (mércores): Data límite de comunicación ao Negociado de Asuntos Xerais das datas e horas previstas para a defensa de cada TFG, por parte dos/as secretarios/as, no caso de tribunal colexiado, e por parte do/a titor/a no caso de tribunal unipersoal. Estas datas publicaranse no taboleiro do decanato e no espazo FAITIC da materia para cada titulación.

14 de novembro (xoves): *remata o prazo de entrega de actas da Convocatoria de Fin de Carreira para as outras materias.*

14 de novembro (xoves): comunicación, por parte do Negociado de Asuntos Xerais, das datas e horas previstas para a defensa de cada TFG.

18-22 de novembro (luns-venres): datas previstas para as defensas públicas dos TFG, a organizar polos tribunais colexiados e unipersoais.

25 de novembro (luns): data límite para a entrega no Negociado de Asuntos Xerais das actas das actuacións dos tribunais coas correspondentes propostas de cualificación. No caso de tribunal colexiado estas deberán estar desagregadas (30% titor/a e 70% tribunal).

27 de novembro (mércores): remate do prazo de entrega na Secretaría Virtual e na Área de Grao (secretaría) das actas das actuacións dos tribunais colexiados e unipersoais coas correspondentes propostas de cualificación.